



Grupo Municipal
Ourense

D. Enrique Nóvoa López, en nome e representación do grupo municipal do Partido Popular do Concello de Ourense, conforme ó artigo 94.1 do R.O.F., presenta ó Pleno da Excma. Corporación Municipal a seguinte

Moción urxente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o comezo desta lexislatura municipal, o grupo do Partido Popular ven mantendo unha posición firme e diáfana de defensa do papel que o Concello ten que xogar na reivindicación do cumprimento de prazos e investimentos na conexión da Alta Velocidade á nosa cidade, tanto co resto de Galicia, como coa meseta e na integración deste novo trazado ferroviario no tecido urbano do noso termo municipal.

Cómpre lembrar que dende esta posición, o noso grupo municipal buscou sempre a conciliación dunha defensa irrenunciábel dos dereitos da cidade de Ourense en materia de infraestruturas ferroviarias co consenso construtivo co resto dos grupos municipais, de xeito que esta corporación actuase como unha única voz acadando así unha maior forza nas súas demandas.

Nesta liña, entendemos que resulta imperativo, como xa o sinalamos o 28 de xaneiro ao fío da presentación dun posible novo trazado de entrada do AVE en Ourense, a creación dun grupo de traballo integrado polos tres partidos políticos con representación no Concello que teña o seu cargo facer o seguimento efectivo e permanente sobre todo canto ten relación coa Alta Velocidade os seus trazados e a integración na cidade de Ourense: nomeadamente, proxectos, estudos ambientais, dispoñibilidade orzamentaria, etcétera, da chegada da AVE a Galicia (trazado Medina-Lubián e Lubián-Ourense), trazado urbano, e das ligazóns entre Ourense e

as outras cidades galegas (Ourense-Santiago, Ourense-Vigo e Ourense-Lugo).

Hai un feito incuestionable a día de hoxe: Resulta posible que Ourense teña conexión de Alta Velocidade coa Meseta e co resto das cidades Galegas, e que teña resolta a integración desta infraestrutura no seu trazado urbano para o ano 2012. Resulta posible, pero resulta igualmente pouco verosímil e os cidadáns desconfían da capacidade do goberno central para cumprir eses prazos.

Quedan catro anos para 2012. Neses catro anos o ministerio de Fomento terá que rematar as seguintes infraestruturas:

- Liña de Alta Velocidade Medina-Zamora-Lubián-Ourense, da que a día de hoxe hai executado un 17,23 por cento do trazado.
- Liña Ourense-Vigo, grao de execución: 0%.
- Liña Ourense-Lugo, grao de execución 0%.
- Liña Ourense-Santiago, en execución unicamente os tramos adxudicados durante o goberno do PP, é dicir con anterioridade a abril de 2004.
- Trazado de integración do Tren de Alta Velocidade na cidade de Ourense, en situación descoñecida.

Coa magnitude das obras pendentes de executar, coa perspectiva dun escenario de dificultades económicas como as que o propio vicepresidente económico prevé nos vindeiros anos e cunha traxectoria de incumprimento do gasto nas partidas orzamentarias consignadas a obras en Galicia, está claro que a percepción dos cidadáns de desconfianza e incredulidade teñen sólidos fundamentos, agás que dende esta corporación se afronten medidas de natureza diferente que organizar xornadas posto que, ou deixamos de falar e comezamos a traballar ou non haberá Alta Velocidade en Ourense en 2012, porque en infraestruturas desta magnitude, catro anos de prazo require traballar a contra reloxo.

Por todo isto facemos a seguinte

PROPOSICIÓN PARA A SÚA APROBACIÓN

- Que o pleno desta corporación aprobe a creación dun grupo de traballo integrado polos tres grupos con representación na mesma, que se reúna con periodicidade quincenal e que teña como obxectivo dar pulo as infraestruturas ferroviarias de alta velocidade pendentes de desenvolver e que inciden efectiva e directamente na chegada do Tren de Alta Velocidade a Ourense.
- Que o Alcalde inste aos ministerios de Fomento e Medio Ambiente Rural e Mariño para que aceleren os trámites da redacción do estudo informativo do proxecto da variante norte de integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense.
- Que o alcalde xestione a sinatura dun protocolo co ministerio de Fomento e Xunta de Galicia para promover unha sociedade mercantil de capital público que sexa a responsable da integración do ferrocarril de alta velocidade na cidade de Ourense na que participen o Concello de Ourense, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento a través do Administrador das Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)
- Que esta corporación a través do seu alcalde inste ao Ministerio de Fomento para que comece a execución de todas as obras entre Zamora e Lubián e Lubián e Ourense, de maneira que todo o traxecto estea en obras no primeiro semestre de 2009.

Ourense, 3 de xullo de 2008

Fdo: Enrique Nóvoa Lopez